

|| o órgano da Igrexa da Universidade, doutra maneira

O *órgano da Igrexa da Universidade, doutra maneira* volta unha edición máis, ofrecendo a súa particular visión da música para órgano e dos repertorios e sonoridades por descubrir tras este imponente instrumento, que ten un dos seus máis valiosos exemplares depositado na Igrexa da Universidade de Santiago de Compostela.

Na liña xa iniciada nas anteriores edicións, a programación do ciclo promete variedade e singularidade de contidos sen perder un sólido concepto de base, así coma un elevado nivel de calidade na execución dos programas.


Nesta terceira edición o ciclo propón un achegamento ao órgano dende a súa propia esencia barroca nun xogo de luces e sombras, de desequilibrios e contrastes que servirán de pretexto para asistir a unha "festa barroca" ambientada para a ocasión.

Nesa mesma idea de festa propoñemos, ademais, un programa de danza para unha singular combinación instrumental: órgano e *nyckleharpa*, un instrumento propio das culturas populares nórdicas. Un programa no que terá, novamente, un papel esencial a improvisación, sempre tan vencellada ao bo facer dos organistas.

Tamén na liña de pasadas edicións, o programa oríentase cara outras disciplinas artísticas, neste caso, á literatura, da man dalgunha das máis destacadas figuras da nosa poesía contemporánea, nun recital no que a música estará presente a través doutra singular simbiose instrumental, o órgano e a música electrónica.

En definitiva, tres actividades para disfrutar da música, do órgano e do espazo da igrexa da Universidade, doutra maneira.

Organiza: Vicerreitoría de Extensión Universitaria, Cultura e Sociedade da USC

Idea, produción e dirección artística:  SIRGO TORCENDO

Colabora: Asociación Panda de RR.LL.

Imaxe e comunicación: miramemira



VICERREITORÍA DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA, CULTURA E SOCIEDADE



RECITAL DE POESÍA

Do máis fondo do silencio, saen voces

26 de outubro, 20:30h

**Marilar Aleixandre
Ana Romani
Dores Tembrás
Eva Veiga**

Presenta: Teresa Seara

Martina Schobersberger, órgano
Daniel Oman, guitarra eléctrica e música por computador

A programación do ciclo aposta nesta edición, como nas anteriores, pola interdisciplinariedade. Desta volta contamos para elo coa colaboración da Asociación Panda de RR. LL., que dende hai xa case nove anos ven organizando un recital de poesía na cidade da Coruña, con dúas convocatorias anuais, recital polo que teñen pasado algunha das figuras máis relevantes da poesía contemporánea galega (Manuel María, Luisa Villalta, Pilar Pallarés, Rafa Villar, Miguel Anxo Fernán Vello, Francisco Fernández Naval, Yolanda Castaño...). O recital trasládase, para a ocasión, á Igrexa da Compañía e terá, como convidadas de excepción, a catro poetas que farán un repaso polo máis interesante e actual da súa obra.

Ademais, como trasfondo musical, contaremos con Martina e Daniel, dous músicos xa coñecidos no ciclo, que estrearán obras compostas para a ocasión, polos compositores austríacos Rudolf Jungwirth e Thomas Mandel.